

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE XANEIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:15 horas do día 8 de xaneiro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 2 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, suplente de D^a. Patricia Rodríguez Calviño
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, vogal xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2, 4, 7, 9, 10b e 10c)
D. Jesús López Moure, vogal xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 5, 6 e 10a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 26 de decembro de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a GRUPO ELGONSA, S.L. (lote 2) para que puidese emendar a documentación persoal (DEUC).

Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación.

Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a GRUPO ELGONSA, S.L. (lote 2) por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. Todos eles presentan un único arquivo dixital: TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (22 páxinas), ÁNGEL LEIROS MOTOS, S.L. (16 páxinas) e GRUPO ELGONSA, S.L. (48 páxinas).

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 27 de decembro de 2019 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Realización de estudos de público (si/non)	Comprométese a por a disposición do servizo (nº) horas en horario diferente ao habitual, incluso en horario nocturno, sen custo para o Concello
1	LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L.	543.858,31 €	si	75 horas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:04	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44D-E1C131-8159A3-NTNVSD-KNF3AR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Celso Figueroa Suárez, con DNI ****.*91.59***. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

Compróbase na sesión que a oferta do único licitador presentado non está incurso en presunción de anormalidade.

En cumprimento do previsto na cláusula 16.3 do PCAP (*“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”*), a Mesa acorda outorgar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. a máxima puntuación recollida no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:

	Licitador	Prezo	Realización de estudos de público (si/non)	Comprométese a por a disposición do servizo (nº) horas en horario diferente ao habitual, incluso en horario nocturno, sen custo para o Concello	Total
1	LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L.	32 puntos	10 puntos	10 puntos	52 puntos

Tendo en conta a puntuación acadada polo licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
1	LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L.	40 puntos	52 puntos	92 puntos

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)”

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que o 16 de decembro de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do 13 de decembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, SLU e ALAUDA INGENIERÍA, S.A. Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 30 de decembro de 2019 o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informe sobre a xustificación presentada



no que conclúe que “Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento da UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, SLU e ALAUDA INGENIERÍA, S.A. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 30 de decembro de 2019 de valoración do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria (326-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 2 de xaneiro de 2020 de valoración do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:04	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44D-E1C131-8159A3-NTNVSD-KNF3AR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L.	92 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERYE INGENIEROS, S.L.	99,40
2	ECOSISTEMAS 2000 SL	74,80

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERYE INGENIEROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:04	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44D-E1C131-8159A3-NTNVSD-KNF3AR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (326-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ELETRENTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. e ALAUDA INGENIERÍA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprirse os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 30 de decembro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria” (326-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CÍES ATLÁNTICO, S.L.	81,40
2	TEPRIL, S.L.	74,20
3	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	73,38

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CÍES ATLÁNTICO, S.L. (B-27.752.526), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:04	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44D-E1C131-8159A3-NTNVSD-KNF3AR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) (Resolución nº 285/2019 do TACGAL)

Dáse conta da resolución nº 285/2019, do 18 de decembro de 2019, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestiman os recursos interpostos por XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (recurso nº 309/2019) e por SEVERIANO SERVICIO MÓVIL S.A.U. (recurso nº 317/2019) contra o acordo de adjudicación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 27 de decembro de 2019.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:04	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA44D-E1C131-8159A3-NTNVSD-KNF3AR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		